

Memoria resumen de modificacións
da memoria do
Grao en Enxeñaría Aeroespacial

Universidade de Vigo

RESUMO DAS MODIFICACIÓNS A REALIZAR NO TÍTULO

1 Descrición Xeral (breve resumo de tódolos cambios).

O Grao en Enxeñaría Aeroespacial comezou a impartirse na Universidade de Vigo no ano 2016 coa implantación do primeiro curso. Anteriormente, unha Xunta de Titulación elaborou a memoria que foi verificada pola ACSUG. Nesta sección inicial faise un resumo das modificacións propostas, mentres que no anexo I detállanse todas as modificacións de todas as materias.

Un dos obxectivos principais da Calidade do Centro é verificar que as materias impartidas se corresponden coa descrición da memoria do título. As propostas de modificación dos títulos deben ser froito do proceso de seguimento e, polo tanto, ser o resultado natural e esperado deste: cambios menores que melloran o título e que a universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento.

Na guía "Procedemento para a solicitude de modificacións nos títulos verificados de Grao e Máster da ACSUG" indícase que tipos de cambios se poden realizar nun proceso de seguimento e cales son os que precisan un proceso de modificación ou verificación. No caso do Grao en Enxeñaría Aeroespacial, o devandito proceso de seguimento realizouse en dous períodos: o primeiro de 2016 a 2019, e o segundo de 2019 ata a actualidade.

Período 2016-2019

Atendendo a ese procedemento, as materias de 1º e 2º curso foron revisadas no curso 2018/2019 e as modificacións suxeridas incorporáronse ao Informe de Revisión do sistema pola Dirección correspondente ao curso 2017/2018, aprobado en Comisión de Calidade o 6 de maio de 2019 e en Xunta de Centro o 7 de maio de 2019. O profesorado e os/as coordinadores/as do grao e de cada curso poden detectar aspectos a mellorar e, de feito, así sucedeu. Tras implementar os dous primeiros cursos do grao realizouse unha revisión de cuestións básicas en cada unha das materias.

Neste informe notificáronse cambios unicamente dentro do apartado *Planificación das Ensinanzas* da memoria do Grao en Enxeñaría Aeroespacial. Engádense dous sistemas de avaliación no punto 5.4 da memoria. O resto de cambios cingúense ás fichas das materias, para as cales había polo menos un ano de experiencia na súa docencia. Pretendíanse mellorar detalles non substanciais e manter a memoria actualizada en relación coa realidade da titulación. Os cambios introducidos, segundo as preferencias da persoa responsable da coordinación da materia, e supervisado pola coordinación do grao e de calidade, pódense describir como:

- Pequenos cambios nos sistemas de avaliación e a súa ponderación.
- Pequenos cambios nos contidos das materias: melloras na redacción, eliminación de duplicidades entre materias, mellora da orde na presentación dos contidos para que as ensinanzas sigan un curso lóxico, eliminación dalgún contido que na práctica non hai tempo de impartir, outras pequenas melloras.
- Unha corrección nos resultados de aprendizaxe.
- Unha corrección na rama da materia.
- Na sección 5.4 da memoria engádense os sistemas de avaliación:
“Prácticas de laboratorio/informe de prácticas”.
“Metodoloxías baseadas en investigación”.

Que se sumaban aos xa existentes:

- Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
- Probas de avaliación.
- Asistencia e participación activa nas clases teóricas e prácticas e nas tutorías.
- Entrevista persoal.
- Informe final do traballo realizado e avaliación dos títulos na empresa.

- Exercicio orixinal que se realiza individualmente, se presenta e defende ante un tribunal universitario, consistente nun proxecto no ámbito das tecnoloxías específicas da Enxeñaría Aeroespacial de natureza profesional no que se sinteticen e integren as competencias adquiridas nas ensinanzas. Será regulado por un regulamento específico, que aprobará a Xunta de Centro, seguindo a normativa xeral da Universidade.

Período 2019-Actualidade

Seguindo coa filosofía de revisar os contidos a medida que se foron implantando os distintos cursos, no Informe de Revisión do sistema pola Dirección correspondente ao curso 2019/2020, aprobado en Comisión de Calidade e en Xunta de Centro o 28 de marzo de 2021, realizouse esta revisión nas materias de 3º e 4º curso, unha vez implantados, para reflectir modificacións non substanciais e manter a memoria actualizada en relación coa realidade da titulación. Tamén se recolle algún pequeno cambio en materias de 1º e 2º como consecuencia da revisión de cursos posteriores. Os cambios introducidos pódense describir como:

- Pequenos cambios nos sistemas de avaliación e a súa ponderación, segundo as preferencias do profesorado, recollidos na Guía de metodoloxías docentes da Universidade de Vigo vixente. Na memoria do grao non se recollía a variedade de sistemas de avaliación utilizados realmente.
- Pequenos cambios nos contidos das materias: melloras na redacción, eliminación de duplicidades entre materias, mellora na orde de presentación dos contidos para que as ensinanzas sigan un curso lóxico, cambio de contidos entre materias do mesmo ámbito e tipo, outras pequenas melloras.

Dentro do punto 5.4 Sistemas de Avaliación da memoria, para recoller novas metodoloxías de avaliación que permiten valorar mellor a adquisición das competencias e a consecución dos resultados de aprendizaxe, engádense os seguintes tipos de metodoloxías de avaliación:

- Proxecto.
- Prácticas con apoio das TIC.
- Traballo tutelado.
- Estudo de casos.
- Aprendizaxe colaborativa.
- Aprendizaxe baseada en proxectos.
- Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas.
- Informes/Memoria prácticas de laboratorio.
- Probas de resposta corta.

As modificacións propostas tratan de adaptar a memoria á realidade do desenvolvemento do título, actualizando a estrutura dos contidos, as metodoloxías e os sistemas de avaliación.

Por outra parte, é necesario actualizar a memoria para adaptarse ao Real Decreto 822/2021, polo que se propón unha nova redacción na que os eixos son os resultados de aprendizaxe, que se clasifican en tres tipos: “coñecementos ou contidos”, “competencias” e “habilidades ou destrezas”.

2 Xustificación, adecuación da proposta e procedementos.

Segundo a guía *Procedimiento para la solicitud de modificaciones en los títulos verificados de Grado y Máster* da ACSUG, modificar só os contidos e as probas de avaliación nun proceso de seguimento pode xustificarse pola necesidade de actualizar e mellorar a calidade do programa educativo, pero sen exceder en ningún caso o que representaría unha modificación non substancial. Estes cambios poden responder á incorporación de novas metodoloxías de ensino e aprendizaxe, e xurdiron da retroalimentación obtida do profesorado responsable das materias, así como dos resultados de avaliacións de coordinación do grao e

de calidade, co obxectivo de asegurar que os estudantes adquiran as competencias e habilidades necesarias de xeito máis efectivo.

3 Planificación de implantación (cronograma).

A implantación das modificacións será efectuada de acordo co seguinte cronograma:

- Febreiro de 2026: a Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo aprobará a memoria inicial do grao, o resumo de modificacións, a memoria xustificativa dos requisitos e a memoria económica. Remisión da documentación da proposta ao Servizo de Xestión de Estudos de Grao (SXEG).
- Marzo de 2026: avaliación da memoria inicial e remisión do informe técnico por parte dos Servizos e a vicerreitoría.
- Abril de 2026: aprobación da memoria definitiva e elaboración do informe de resposta ás alegacións pola Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo. Remisión da documentación da proposta definitiva ao SXEG.
- Maio de 2026: Informe da COAP. Aprobación da proposta polo Consello de Goberno. Informe do Consello social.
- Xuño de 2026: Envío da proposta de solicitude á Consellería.
- Curso 2026/2027: as modificacións incorporaranse á memoria do plan de estudos a través da aplicación correspondente do Ministerio de Universidades e comunicarase a memoria modificada á axencia competente e á Comunidade Autónoma correspondente.
- Xullo 2027: a nivel da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo da Universidade de Vigo, as modificacións reflectiranse nas guías das materias, e serán aprobadas na Xunta de Escola.
- Curso 2027/2028: as modificacións serán incluídas nas materias polo profesorado no curso seguinte á aprobación das modificacións.

4 Procedemento de adaptación. (Descrición)

Non é necesario explicitar un procedemento de adaptación dado que no se modifican as materias que se deben cursar en ningunha de las mencións do título.

As modificacións incorporaranse á memoria do plan de estudos a través da aplicación correspondente do Ministerio de Universidades e comunicarase a memoria modificada á axencia competente e á Comunidade Autónoma correspondente.

Na práctica, a nivel da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo da Universidade de Vigo, as modificacións reflectiranse nas guías das materias, e posteriormente serán incluídas polo profesorado no curso seguinte á aprobación das modificacións.

5 Ensinanzas que se extinguen. (Estudo - Centro)

N/A

6 Responsable do título.

Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo